EXERCICIOS

Texto:

Polo que respecta ao número de falantes, é frecuente a argumentación a favor das linguas multimillonarias sobre a base dunhas posibilidades hipotéticas de comunicación. Dende o punto de vista das estatísticas, está claro que os falantes do chinés mandarín se poden comunicar con máis xente cós que teñen como lingua propia (¡pobres!) o inglés. Xa se ve, intuitivamente, que iso das estatísticas non acaba de cadrar (seguramente coñeceredes o chiste sobre aquela aldea de cen habitantes, o seu amo tiña cen vacas, mentres que os outros non tiñan ningunha: as estatísticas daban como feliz resultado que cada habitante tiña unha vaca). Pola súa banda os gregos só (¿só?) poden falar con dez millóns de persoas, e un castelán falante pódese comunicar con trescentos millóns. ¿Quen e cando? Cómpre baixar das nubes estatísticas para pisar a boa terra da realidade: os falantes normais (non os altísimos executivos, os diplomáticos e os catedráticos), os que traballan cada día e saen da casa, collen o metro, chegan á oficina e, se cadra, veranean nun apartamento de beiramar (terceira liña de mar) a oitenta quilómetros da súa casa, estes non soñan con millóns; e teñen bastante sorte se poden contar cos dedos das mans o puñado de boas amizades que lles fan a vida agradable. Cómpre ver claro: se se precisa outra lingua, xa se aprenderá de boa gana e sen complexos; e o que non se pode facer (porque non é ético) é valorar as linguas de máis a menos por causa do número dos seus falantes; unha lingua é o patrimonio dun pobo, é parte dos seus sinais de identidade. E, en cuestións de identidade, as estatísticas non teñen nada que dicir, nada que ver.

Jesús Tusón (tradución), 1990.

Cuestións:

1. Sinala cal é a estrutura do texto.
2. Expón a túa opinión crítica sobre o que o autor di no texto
3. Explica as grafías (c) en *frecuente* (liña 1), *argumentación* (liña 1), *hipotéticas* (liña 2), *claro* (liña3), *coñeceredes* (liña 6).
4. Indica se é aberta ou pechada a vogal tónica das seguintes palabras: *poden* (liña 4 e 9), *teñen* (liña 4), *ve*, (liña 5), *cen* (liña 6), *persoas* (liña 9). Fai a representación fonolóxica das mesmas.
5. Desenvolve un destes temas:

   5.1. O galego entre 1900 e 1936. Niveis de comunicación e uso nos distintos contextos.

   5.2. O galego entre 1936 e 1975. Niveis de comunicación e uso nos distintos contextos.

   5.3. O galego do 1975 á actualidade . Niveis de comunicación e uso nos distintos contextos. Marco legal.

   5.4. A normalización lingüística do galego. Estado actual e porvir da lingua galega.

   5.5. O galego nos medios de comunicación e masas escritos e audiovisuais.
6. Os personaxes de *Os vellos non deben de namorarse*.